

PASOS A SEGUIR PARA FORMALIZAR A ADHESIÓN AO PACTO DAS ALCALDÍAS

1. O concello terá que aprobar no Pleno municipal a adhesión ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía (achégase modelo de acordo plenario).
2. O alcalde ou alcaldesa terá que asinar, en galego, a Carta de Adhesión ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía (achégase o modelo de Carta de Adhesión en dito idioma).
3. Posteriormente, asinarase e cumprimentarase o documento de datos de contacto e a autorización (achéganse documentos) para que a Oficina Técnica da Xunta de Galicia para o Pacto das Alcaldías xestione a adhesión.
4. Para formalizar a adhesión na plataforma My Covenant (Pacto das Alcaldías Europa), a Oficina Técnica da Xunta de Galicia para o Pacto das Alcaldías aconsella o envío da documentación mencionada á dirección pactocalcaldas.medioambiente@xunta.gal
5. A Oficina Técnica da Xunta de Galicia para o Pacto das Alcaldías intermediará con Covenant Of Mayors (Pacto das Alcaldías Europa). Primeiro, revisará se a documentación é correcta, e subirá a documentación do seu concello á plataforma My Covenant.
6. Por último, Covenant of Mayors validará a adhesión e enviará un email ao concello coas credenciais de acceso á plataforma. Deste xeito, o proceso de adhesión estará finalizado.